

RESOLUCIÓN reitoral do 4 de abril de 2025 pola que se publica a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas para a organización de cursos de extensión desta universidade no ano 2025 no campus de Vigo

De acordo coa base novena da Resolución reitoral do 27 de febreiro de 2025 mediante a cal se convocou o proceso de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2025, esta reitoría, en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario,

RESOLVE:

Aprobar a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas para a organización de cursos de extensión en 2025 no campus de Vigo (Anexo) e ordenar a súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo



ANEXO**Cursos extensión 2025- Solicitudes admitidas a trámite – Campus de Vigo**

Nome e Apelidos	Curso de Extensión proposto
Alberto Abal Silva	Iniciación á arte 3D
Inmaculada C. Báez Montero	Lendo con mirada feminista: unha aproximación á crítica e teoría literaria feminista
María Sol Bravo Amaro	Enfrontarse as urxencias cardiovasculares dende o ámbito clínico e tecnolóxico
Guillermo Calvo Hermo	Fai o teu propio satélite
Luis Fernández Couñago	Git e GitHub: Control de Versións e Colaboración en Desenvolvemento de Software
Josefina Garrido González	Patrimonio natural e cultural do Bierzo (XIII): cara ó futuro coa (con)ciencia
Iria Vázquez López	Laboratorio dos sentidos II

CSV : GEN-3787-3594-4558-f43f-11c4-ab9c-5968-4a49

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 04/04/2025 13:56 | NOTAS : F

